



«Manuel Vidal. Un presbítero ilustrado de Maceda»

Santiago Prol

Servipost

364 páxinas. 17 euros

REDACCIÓN / LA VOZ

O historiador e investigador Santiago Prol, que ten incidido nos seus traballos na recuperación de figuras como Benigno Álvarez ou João de Nova, centra desta volta a súa ollada sobre unha figura senlleira orixinaria de Maceda. Coincidiu na necesidade de recuperar a figura e a obra de Manuel Vidal cando andaba a preparar, con Xan Carballa, o libro de conversacións con Francisco Carballo. Con el, tamén macedán, compartía Vidal non poucos elementos comúns: presbíteros, ilustrados, docentes, motivadores, empáticos, investigadores, ensaístas, escritores comprometidos con Galicia —aínda que cada un dende unha cosmovisión diferente—... e os dous exercían de macedáns dende «o exilio». Manuel Vidal desenvolveu boa parte da súa creación literaria en Compostela, cidade na que exerceu como catedrático de Literatura dende 1914, e como persoeiro necesario na órbita do rexionalismo culturalista a carón de Armando Cotarelo. Como se sinala na obra de Santiago Prol, a súa triloxía arredor do mito xacobeo e as pezas teatrais no galego popular das súas orixes, enmárcano como autor en clave galega. Tivo amizade coa condesa de Pardo Bazán, mesmo con reiteradas estadias nas Torres de Meirás, e foi un apaixonado da obra cimeira de Miguel de Cervantes. O polígrafo foi un dos asinantes do manifesto a prol da Autonomía de 1932.